

CDR ANCARES, UN XEITO DE FACER PROMOCIÓN

6. FINANCIAMENTO

É este un tema controvertido no equipo porque supón unha aposta que, se ben nos permite sacar adiante proxectos positivos para Cervantes que doutra maneira non serían posibles, tamén leva consigo unhas servidumes perigosas como:

Disparidades que con frecuencia se producen entre administracións e entidades sociais tanto na formulación dos obxectivos como na realización dalgúns actividades; sería desexable un diálogo franco entre as dúas partes dando voz privilexiada a aquelas asociacións pequenas e medianas con presenza real nos territorios e cos colectivos afectados. Non deberamos ser un problema para as administracións, podemos ser un elemento necesario e moi positivo para artellar solucións creativas e eficaces.

A complexidade burocrática na tramitación das subvencións que obriga ás asociacións a dedicar unha boa parte do tempo do persoal a tarefas burocráticas en detrimento do traballo directo coas persoas do territorio; *paradoxicamente* esta complexidade burocrática vai facéndose maior a medida que se van incorporando novas medidas e ferramentas para a súa modernización e simplificación. Pódese pensar que as administracións simplifican o traballo de xestión pasándollo ás asociacións.

A pouca adaptación da maioría das subvencións ás características e realidades do mundo rural, e xa non digamos da montaña.

En calquera caso, procuramos conseguir financiamentos externos de calquera organismo público ou privado pero poñendo especial coidado en non converternos nun gabinete especializado en conseguir subvencións para as que se van “creando” proxectos senón que son as necesidades e os proxectos os que marcan estreitamente as solicitudes de cartos.

A maioría das subvencións xestionámolas a través de:

- CAS –Colectivos de Acción solidaria–: 20 asociacións de desenvolvemento doutras tantas zonas do territorio español.
- Agrupación rural TERRA E XENTE: 5 asociación de desenvolvemento de sendas zonas de Galicia.

Os principais *financeiros* son: o “Ministerio de Trabajo y Servicios Sociales” coas subvencións ligadas ó 0,7 do IRPF. A Consellería de Traballo e Servizos Sociais” con subvencións de Inclusión e do 0,7 do IRPF.

Outros *financiadores* máis puntuais: Consellería de Agricultura, Deputación e entidades privadas.